

**ABAU**  
**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**  
**Ano 2020**  
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*  
**LATÍN II (cód. 30)**

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

**PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática** (ata 5 puntos):

**Cuestión 1.** Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

**1.1.** “A partir de aquí comenzaron os cónsules, dous en lugar dun único rei. Foron, pois, cónsules o primeiro ano, unha vez expulsados os reis, Xuño Bruto e Tarquinio Colatino, marido de Lucrecia. Mais a Tarquinio Colatino axiña lle foi retirado o cargo; unha vez recibido todo o seu patrimonio, emigrou da cidade e no seu lugar foi nomeado cónsul Valerio Públícola”.

**2.1.** “En Italia unha nova guerra orixinouse de súpeto. En efecto, setenta e catro gladiadores baixo a dirección de Espartaco fuxiron e movéndose por Italia prepararon unha guerra case non máis leve. Congregaron un exército de case sesenta mil homes armados. Foron vencidos en Apulia por Licinio Craso”.

**3.1.** “Unha aguia na parte máis alta dunha aciñeira fixera o niño; unha gata encontrara unha cavidade na metade dela e alí parira; unha porca, habitante do bosque, a camada puxera na súa parte baixa. Entón a gata a casual cohabitación con engano e cruel maldade destruíu”.

**Cuestión 2.** Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das

unidades do fragmento e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

**PREGUNTA 4. Literatura e léxico** (ata 5 puntos):

**4.1.** Hai que responder a un só dos tres temas propostos, que permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde a máis dun tema, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

**4.2.** Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, que permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento). Se algún alumno/-a responde a máis dunha cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación